CONCELLO DE PONTEVEDRA

SECRETARÍA XERAL DO PLENO

Acta número: 13	Pleno do Concello	
Data da sesión: 13.11.2012	Carácter: Extraordinaria	Convocatoria: Primeira
Lugar: Teatro Principal.		Hora: 11:12

Asistentes

Presidente/a: D. Miguel Anxo Fernández Lores
Dª María dos Anxos Riveiro Portela D. Xose Cesáreo Mosquera Lorenzo Dª María do Carme Fouces Díaz D. Raimundo González Carballo D. Vicente García Legísima Dª María Carmen da Silva Méndez D. Xosé Luis Bará Torres D. Demetrio Gómez Xunqueira Dª María do Pilar Comesaña Hermida D. Miguel Anxo Filgueira Touriño D. Jacobo Moreira Ferro Dª María José Rodríguez Teso D. Ricardo Alfonso Heliodoro Aguilar Argenti Dª Ana Isabel Vázquez Reboredo Dª María Celia Soto Espiña Dª Beatriz García Riestra D. José Manuel Guillán Pardavila Dª María Biempica Ortiz D. Pablo Fernández López Dª Begoña Laya Iglesias D. César Alberto Abal González D. Antonio Louro Goyanes D. Agustin Fernández González Dª Carlota del Carmen Román García
Secretario Xeral do Pleno: D. José Luis Mato Rodríguez
Interventora: Dª Blanca Vega Lorenzo

Constatada a existencia de quórum bastante para a súa constitución, o **Sr. Alcalde-Presidente,** declara constituída e aberta a sesión.

ORDE DO DÍA:

1.- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN, O VINDEIRO 25.11.2012, DO DÍA INTERNACIONAL DE LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO.

Polo Sr. Alcalde-Presidente dáse lectura á declaración institucional con motivo da celebración, o vindeiro día 25.11.2012, do día internacional de loita contra a violencia de xénero, que é do teor literal seguinte:

"Vivir sen violencia é un dereito.

A violencia machista conculca os dereitos e pon en perigo a vida de moitas mulleres galegas. É a manifestación máis terríbel da desigualdade entre homes e mulleres que persiste na nosa sociedade.

As Administracións públicas temos que traballar máis que nunca nestes momentos en poñer os medios para erradicar a violencia de xénero e protexer ás vítimas.

Coa desculpa reiterada da crise, estamos a ver como o medre do paro e os recortes dos servizos públicos está empobrecendo de xeito especial ás mulleres e afectando gravemente á vulnerabilidade ante a violencia machista.

A dependencia económica é o matar dos obstáculos para que as vítimas de violencia de xénero cachen coa relación que pon en perigo as súas vidas e o importante descenso dos recursos destinados aos programas para apoiar ás mulleres que deciden dar o paso están a agravar máis a situación.

As mulleres renuncian a denunciar polas condicións económicas e sociais nas que quedan e polo medo a volver co maltratador. As condicións nas que se realizan os xuízos rápidos non son as mellores xa que en Pontevedra non se cumpre o mandato legal de dispor dun turno de oficio específico.

A Corporación municipal de Pontevedra neste 25 de novembro fai unha chamada á posta en marcha dunha eficaz e dilixente coordinación entre todas as Administracións implicadas para evitar a disolución de recursos, tan escasos nestes tempos.

O Concello de Pontevedra anima a todos e todas a traballar na prevención da violencia con contundencia, e reforzar o amparo ás mulleres e familias que xa sofren as situacións de violencia."

Sen intervencións, pola Alcaldía dáse por aprobada a declaración institucional anteriormente transcrita.

2.- ECONOMÍA E FACENDA: MODIFICACIÓN DE ORDENANZAS FISCAIS PARA O EXERCICIO DE 2013

De orde do Sr. Alcalde-Presidente, polo Sr. Secretario dáse lectura ao ditame favorable, por maioría (voto en contra do grupo municipal do PP), da Comisión Permanente de Economía e Facenda, de data 08.11.2012, emitido sobre a proposta de acordo do Concelleiro delegado da área de Facenda e Medio Ambiente, de data 02.11.2012, relativa á aprobación provisional da modificación das ordenanzas fiscais para o exercicio 2013, aprobada como proxecto de acordo pola Xunta de Goberno

Local na sesión de 05.11.2012. Así mesmo informa que polo grupo municipal do Partido Popular presentouse unha emenda á devandita proposta.

Aberto o debate, o **Sr. Alcalde-Presidente** concede o uso da palabra ao portavoz do grupo municipal do BNG, don Raimundo González Carballo.

O Sr. González Carballo: Bos días.

Vou a facer unha pequena intervención sobre o asunto, para situar o asunto, fundamentalmente. En todo caso, cando estamos falando de ordenanzas estamos falando de presión fiscal e a presión fiscal nos últimos anos, en Pontevedra, reduciuse de maneira substancial en torno ao 10,5%, dado que dende antes xa do inicio da crise as taxas e os impostos están prácticamente conxelados, agás modificacións puntuais. Neste tempo o IPC é superior ao 13,5% e, xa digo, as modificacións foron moi puntuais. En todo caso, non é unha afirmación gratuíta o que estou dicindo, dado que se vemos a comparativa dos impostos nas diferentes cidades do Estado, das capitais de provincia, vemos que Pontevedra, a nivel de IBI, ocupa, de 52 cidades, o posto número 40, a nivel de IAE o posto 32, a nivel de vehículos o 44, a nivel de ICIO o 43, e a nivel de plusvalías o 46; situación que mellora a do ano anterior, a do ano 2010, en canto a menor presión impositiva dado que, por exemplo, no ano 2010, no IBI ocupabamos o posto número 39 e no IAE o posto 30. Evidentemente, é unha presión impositiva inferior a cidades máis pequenas que Pontevedra, como pode ser Avila, Soria, Teruel, Huesca, Ciudad Real, Ferrol, Lugo, Ourense, etc., Tamén, nos datos que da o Ministerio de Facenda, Pontevedra ocupa, a nivel de poboación o posto número 84 das cidades do Estado, cidades e núcleos de poboación e, sen embargo, a nivel do IAE ocupamos o posto 510, por poñer un exemplo, teñen maior presión impositiva, neste tema, Fornelos de Montes, Dumbría ou Ferrol, ou cidades deste estilo. A nivel de vehículos ocupamos o posto 1070, inferior a cidades como Vigo, Lugo, Ferrol. Ourense, Santiago, A Coruña, etc., ou incluso Cangas. A nivel de ICIO exactamente igual, o posto 1407 dos concellos do Estado, con presión impositiva moi inferior, por exemplo, á que teñen Catoira, Fornelos, Redondela, Sanxenxo, Tui, etc. Xa a nivel de IBI, aínda ocupamos un posto moitisimo inferior, que é o posto 2045, inferior a moitísimos concellos pequenos, medianos, cidades, etc.

Neste contexto, no que hai unha modificación destas ordenanzas fiscais, que non son todas, aproximadamente a metade, xa que todas aquelas vinculadas á actividade económica, como pode ser a apertura de establecementos, licenzas, IAE, ocupación do subsolo, mercados, mercadillos, IBI, etc., pois non sofren ningunha modificación. En concreto, nestas taxas, o que traemos é unha suba do 2,2%, moi inferior ao IPC existente en outubro, que é do 3,5, é consecuencia, fundamentalmente, da aprobación, por parte deste Pleno, do Plan Económico Financeiro, o 18 de xuño de 2012, aprobado pola Xunta de Galicia o 27 de xuño de 2012, no que se parte dunha inflación e, polo tanto, dun incremento dos ingresos do 2% e sen contabilizar a previsible, naquel momento tal e como recolle o plan, modificación do IVA. Ao mesmo tempo, a lei orgánica de estabilidade orzamentaria tamén nos obriga a manter este equilibrio. Para que nos fagamos unha idea, o incremento que poden supoñer estas taxas a nivel global ronda os 347.000 euros, é inferior ao incremento do IVE que soben as concesións municipais, así por exemplo, o incremento do IVE do contrato de Aquagest son 135.000 euros e o de Cespa son

106.000, sen contar o que soben como consecuencia do IPC; é dicir, está suba non da, nin tan sequera, para o incremento do IVE das concesións e da enerxía eléctrica.

En todo caso, non é do noso agrado subir as taxas aos cidadáns, sobre todo neste momento de crise, aínda que signifique pouca contía, quero dicir, pode significar un incremento anual do recibo do lixo, auga e sumidoiros do entorno dos 6 euros e, de todas maneiras, aínda que sexa unha cantidade pequena non deixa de ser unha cantidade. Evidentemente, non é do noso agrado pero entendemos que, como consecuencia do plan, da Lei de estabilidade orzamentaria, etc., non nos queda outro remedio.

Esta suba nada ten que ver co incremento do canon da auga, que sobe nun 165%, que supón 18 euros por habitante ao ano, ese incremento, ou o incremento medio do 20% no IVE que supón decenas e decenas de millóns de euros aos pontevedreses, ou as taxas xudiciais, etc. O incremento destas taxas, destes canons, destes impostos, dende logo, é moitísimo superior ao do Concello.

Estas ordenanzas, como dixen antes, non supoñen un incremento cuantioso pero si ese pequeno incremento de cara aos cidadáns; de todas maneiras é evidente que afecta moito máis a actuación doutras administracións ou, por exemplo, o feito de que non se persegue, por parte doutras administracións, o fraude existente, e poño por exemplo o tema de ENCE, que tiña que estar pagando, aproximadamente, 6 millóns de euros e os últimos pagos recoñecidos son de 700.000.

Por último, en canto as alegacións ou aportacións presentadas polo Partido Popular, dicir que a maioría delas xa veu a este Pleno, en concreto as dúas últimas e, en todo caso, tal e como se afirmou en comisión, o tema de ENCE xa se lle dixo aos servizos técnicos que estudaran a posible legalidade desa medida e, polo tanto, o noso compromiso de que se estudará o asunto.

Nada máis e moitas gracias.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias, Sr. González Carballo.

Ten a palabra, en representación do grupo municipal do PS de G-PSOE, don Agustín Fernández González.

O Sr. Fernández González: Gracias, señor Alcalde.

O grupo socialista vai a prestar o seu apoio á proposta plantexada polo concelleiro de Economía e Facenda entendendo a necesidade de axustar os prezos ao incremento do IPC, o que supón unha suba moderada por debaixo da que se está cometendo noutros concellos e deputacións. Subir as taxas e os impostos sempre resulta impopular e da pé a certas posicións demagóxicas, pero tamén é un exercicio de xustiza distributiva, algo normal que debe facerse con naturalidade e sen estridencias, e sen decursos baleiros, se queremos ser consecuentes e razoables.

Polo que respecta as emendas presentadas polo Partido Popular, cabe dicir que xa foron tratadas na Comisión de Economía e Facenda que celebramos, e alí eu entendín que se chegaba ao acordo de analizalas con máis calma e sometelas aos informes pertinentes dos servizos do concello, e non atisbo moi ben a entender que sen tales informes poidan ser votadas, aínda que si, evidentemente, debatidas, pero non sei de poderemos votar algo que non ten os informes pertinentes. Eu podo asumir a boa vontade dos propoñentes, aínda que entendo que parten de premisas erróneas ou que descoñecen algúns antecedentes en algúns casos. Algunhas, como

dixo xa o meu compañeiro, xa foron debatidas e rexeitadas, polo que tampouco acabo de entender moi ben ese empecinamento en volvelas a presentar de novo. Eu non vou a repetir aquí as argumentacións que se fixeron no seu día sobre esas propostas do PP, porque xa constan en anteriores plenos e, polo tanto, me remito a elas. Do resto, insistir en que deberiamos esperar polo informes correspondentes para tomar algunha decisión, porque senón non ten sentido debater cousas que logo podan resultar absolutamente inaplicables, aínda tendo vontade política, porque se os informes son contrarios dificilmente poderían ser aplicables, polo que sería mellor retiralas e esperar.

En todo caso, con respecto á pretensión de incrementarlle o IAE a ENCE de forma específica, si que me gustaría dicir que, dende o meu modesto punto de vista, non ten moitos pes nin cabeza; vostedes saben tan ben como podo saber eu que non é admisible, en termos xurídicos, incrementar un imposto nun cachiño de rúa para unha determinada empresa, iso é un fraude de lei, totalmente impugnable. Polo tanto, entendo que soamente lle intentan sacar un rédito político a esta proposta, como aquel que intentan apretar a ENCE, ou algo así, pero eu lles recomendo que si queren, realmente, apretar á empresa só teñen que falar cos seus compañeiros de Madrid para que procedan a ordenar o inicio dos trámites para a recuperación dos terreos, por incumprimento das causas da concesión, e así xa lle farían un bo servizo á cidade.

Nada máis, gracias.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias, Sr. Fernández.

En representación do grupo municipal do Partido Popular, ten a palabra don Jacobo Moreira Ferro.

O Sr. Moreira Ferro: Moitas gracias, señor Presidente, moi bos días a todos.

O primeiro que temos que facer hoxe neste Pleno, penso eu, é preguntarnos que é o que facemos hoxe aquí, porque hai uns días vostedes anunciaron un pleno extraordinario para aprobar, o vendían como noticia de primeira, para aprobar a suspensión de licenzas en todos os crematorios de Pontevedra. Despois resultou que xa non era para todos, era para todos menos para un, algo que, ata a data, o señor Louro segue sen negar. Máis tarde resultou que xa non hai suspensión e este Pleno, ao final, ten como puntos máis interesantes, aparte da declaración institucional que facemos todos os anos, en primeiro lugar unha proposta do goberno para subir os impostos a todos os cidadáns, e unha proposta da oposición para subir os impostos aos que máis gañan para así poderllos baixar ao resto dos cidadáns; estas son as dúas políticas fiscais que hai aquí, a súa, que en palabras do ideario da UPG ou do BNG entrarían dentro do concepto do que vostedes chaman “barbarie xurídica contra o pobo”, e a nosa que ofrece unha alternativa para baixar taxas e impostos municipais. Polo tanto, explíquenlle vostedes aos cidadáns que lles van seguir subindo os impostos precisamente hoxe, un martes 13, cando onte finalizou o prazo para que todos os cidadáns se tiveran que rascar o peto para pagar un incremento de IBI do 13% achacable á súa nefasta xestión, á súa chapuceira xestión.

Vostedes enredan inutilmente en xustificar a suba dos impostos dicindo que o plan económico financeiro que aquí se aprobou obriga a elo, mire, ese plan non recolle

ningunha medida que faga referencia a incrementos impositivos no 2013. Consta no expediente un escrito, unha resolución totalmente infumable, firmada polo concelleiro de Facendo, un escrito con razoamentos maquiavélicos, eu invito a todos os cidadáns a ler este escrito, me gustaría que o metera no recibo de Aquagest para que todos o puideran ler porque é, francamente, interesante. Vostede trata de convencerse a si mesmo, cunha verborrea caótica e facendo piruetas, trata de convencerse a si mesmo de que hai que subir os impostos en Pontevedra, e fai piruetas interpretativas que son dignas dunha mente caótica. Di cousas como as seguintes: "o lexislador estatal obriga a este ente local a incrementar a presión fiscal, igual que fixo co IBI e igual que a Xunta de Galicia subiu os recibos de auga e vertedoiro froito de novos canons que imprantou", non se di nada de que o concello ven cobrando a taxa de depuración de forma solapada cando xa non presta o servizo de depuración, e non di nada de que o IBI non subiu para concellos que fixeron os seus deberes e actualizaron debidamente, no seu tempo, o catastro nos últimos anos. Di tamén: "non é unha actuación voluntaria e libre de este concello", home, eu creo que os impostos e taxas locais se baixan ou se soben neste Pleno, porque aquí é onde se acordan as modificacións das ordenanzas fiscais, e eu non vexo por aquí a ningún francotirador que lles estea apuntando para que voten a favor dos impostos aos cidadáns, vostedes falan de falla de liberdade. Seguen dicindo: "este concello sempre cre e aposta por apoiar as persoas que peor o están pasando nesta época de crise, parados, persoas con discapacidade, familias con membros a cargo, etc.", home, debe ser por iso que suprimiron o equipo de inclusión social, porque xa se ve que ninguén debía de demandar a axuda que este equipo ofrecía as persoas en risco de exclusión. Sego lendo, porque ten moita miga este escrito, "o esforzo do concello en favor dos máis desfavorecidos vese en múltiples aspectos: o incremento da contía de achegas as axudas de emerxencias sociais, o apoio a entidades sen ánimo de lucro, cedendo bens...", debe de ser tamén por iso que, cando o PP propuxo, nas emendas aos orzamentos deste ano, o incremento de aportacións ao comedor de San Francisco, ao albergue de Cáritas, ao Proxecto Home, á Asociación Xoan XXIII, aos discapacitados psíquicos, á asociación Amencer, debe ser por iso que vostedes votaron en cotra de todo isto. Segue dicindo: "o cumprimento dos principios orzamentarios da lei esixe de modo ineludible a modificación de diversas ordenanzas fiscais", é aquí onde explica, ao final, agora sigo lendo, que non hai ningún punto no plan económico financeiro que obrigue a isto, porque di: "dado que doutra modo se estarían incumprindo os principios desta lei, especialmente o de estabilidade orzamentaria", olvídase tamén de dicir que o concello xa incorreu en inestabilidade orzamentaria o ano anterior, pero a conclusión a que temos que chegar é: o PEF, o plan económico financeiro obriga a modificar as ordenanzas fiscais?, pois depende, cunha xestión correcta e cun orzamento realista que se poda cumprir, que este non o é realista, xa o dixemos no seu momento e o veremos cando se liquide este orzamento, pois non faría falla modificar as ordenanzas fiscais; é que ademais modificar as ordenanzas fiscais non significa necesariamente subir impostos, se poden modificar ordenanzas fiscais para baixar impostos, sempre e cando se cumpra o principio de estabilidade orzamentaria que coas nosas medidas, que logo exporei, se cumpre. Segue dicindo: "este concello sempre estará ao lado dos que máis o necesitan, apoiándoos con diversas medidas pero. obviamente, cumprindo a lei, aínda que se considere inxusta", home, ao lado dos que máis o necesitan, apoiándoos con diversas medidas, eu no sei se cando vostede di isto, señor don Raimundo González, en quen está pensando é nos concelleiros do goberno; di

tamén: “cumprindo a lei aínda que se considere inxusta”, eu non sei a que me recorda a min isto de que hai que cumprir a lei aínda que se considere inxusta, non sei, algo me ven a memoria pero non sei ubicalo. Segue dicindo: “este goberno é respectuoso cos acordos plenarios”, agora procedía facer unha pausa e meter unhas risas enlatadas destas que hai nas series de televisión, eu engadiría “cando lle peta ser respectuoso, cando non non o é”, e segue dicindo: “e polo tanto, se o Pleno aproba un plan económico que conleva unha suba de taxas e impostos, este goberno municipal vaino cumprir”, e di: “calquera actuación que non supoña a modificación das ordenanzas sería ir en contra do mandato plenario” e agora comezan os siloxismos: “que ademais contou co voto unánime de todos os grupos municipais, se todos estaban de acordo co plan económico, que implicaba unha suba de taxas e impostos, en coherencia, e respectando a vontade popular, deben votar a favor das ordenanzas proxectadas, outra actuación sería descoñecer os mandatos plenarios e non respectar a vontade popular dos cidadáns de Pontevedra”, eu sinceramente, o imaxino tombado no diván, recitando todo isto, para ao final levantarse, mirarse fronte ao espello, e preguntarse, non si?, non é verdade?,para convencerse a sí mesmo. Di: “sería non respectar a vontade popular dos cidadáns de Pontevedra”, que pasa, agora a vontade dos cidadáns de Pontevedra é que lle suban os impostos, parece ser. Agora imos ao mellor: di: “convén recordar que votar a favor ou en contra da modificación das ordenanzas proxectadas non é unha decisión libre por parte dos concelleiros, é algo obrigado, na medida que o seu incumprimento ou non aprobación da modificación proxectada suporía a asunción dunha responsabilidade persoal por parte do membro da corporación que así actúe”, está todo o rato “convén recordar”, “convén recordar”, nin que non nos acordaramos de nada, “convén recordar que a Lei de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, en tramitación...”, ou sexa que non é unha lei aprobada, é unha lei que está en tramitación pero vostede xa lle aplica efectos xurídicos, “establece de modo categórico, como infracción grave o incumprimento deliberado e inxustificado das obrigas de xustificación de desviacións no cumprimento das medidas e plans previstos na LOESP, non aprobar o incremento fiscal en cumprimento do Plan Económico Financeiro aprobado polo concello supón que se podería cometer unha infracción se se aproba esta lei, e cabe recordar que as sancións previstas poden ser a destitución do cargo así como a inhabilitación para cargo público durante un período de entre cinco e dez anos”.

Mire, querido concelleiro, en todo caso vostede o que ten que facer é dar as gracias porque esta lei non estea aprobada dende hai varios anos, porque vostede xa, dende logo, estaría destituído do seu cargo e inhabilitado polo máximo que di este proxecto de lei. Agora ven o sumum dun nacionalista, di: “a non modificación das ordenanzas fiscais podería supor un enorme prexuízo patrimonial para esta administración, toda vez que é posible que se sancione ao Estado español”, agora preocúpalle o Estado español, anda!, o que hai que ver, parece que anuncia a apocalipse, pero non a apocalipse Z senón a CH, de chapuceiro. Mire, don Raimundo, eu creo que vostede debería facer unha visita ao médico, despois de ler este escrito creo que vostede non está moi ben, lle diría que vaia ao médico, lle leve este escrito e lle diga: “mire, doutor, eu en ocasións escribo cousas como esta, é grave?”, porque isto é infumable, totalmente infumable.

A vontade que teñen os cidadáns non é que lle suban os impostos, é que llos baixen. Isto é o que lle teño que dicir con respecto a súa proposta, dende logo, xa na comisión correspondente votamos en contra dunha suba de impostos porque non

entendo, tampouco, como un concello tan saneado, ao que lle sobran os cartos por todas as partes, que estamos mellor que ninguén, pois por que ten que subir os impostos, isto llo ten que explicar vostede aos cidadáns, e lles ten que explicar porque soben os recibos do lixo, vostede dirá que hai un contrato, pero amiguiño, ese contrato prorrogouno vostede tres anos, que pasa, non tivo capacidade de negociar esa prórroga e dicir que non se subiran as taxas de limpeza?, vostede tivo a sartén polo mango e non o aproveitou.

Agora imos falar de cousas serias, nós propoñemos unha alternativa para os cidadáns. Imposto de Actividades Económicas: o que queremos evidenciar é que, na actualidade, estamos comprobando como vostedes, que tan en contra están de ENCE e que preitean en vitorias pírricas que non conducen a nada, o único que fan é gastar cartos do Concello, pero ENCE segue aí e, ao final, o que teñen na súa man, que son ferramentas para subir a carga impositiva, iso non o utilizan, pois iso lle teñen que explicar aos cidadáns porque a xente non o entende.

O outro día cando lle dixemos aos cidadáns o que había, que vostedes non estaban estirando ao máximo a capacidade que ofrece a Lei de facendas locais, a xente non o cría, pero é a realidade, vostedes todo de boquilla, pero á hora de facer a unha empresa que reparte, supostamente, beneficios a costa dunha actividade que fan nun emprazamento privilexiado en Pontevedra vostedes non lle sacan todo o que se pode sacar á vaca, esa é a realidade. Polo tanto, nós o que propoñemos é que se lle duplique ata o máximo legal o índice de situación, isto faría que as cotas que pagan ENCE-ELNOSA se duplicarían, isto suporía máis recursos para o Concello de Pontevedra e, ao mesmo tempo, permitiría baixar os impostos ao resto dos cidadáns.

Vostedes din que o están estudando, me alegro de que o estean estudando pero eu dígolle que hai posibilidades de xustificar esta suba, incluso hai concellos que nunha mesma rúa establecen tramos distintos en función do número de portal ou do número de policía que ten cada vivenda ou cada nave industrial, entón, posible é, hai que xustificalo, pois hai xustificacións de abondo, entre outras cousas as mellores conexións privilexiadas que ten hoxe en día ENCE, a conexión coa Autopista do Atlántico, coa vía rápida de Marín, cun novo nó de conexión que custou moitísimos millóns de euros, polo tanto, esa é unha vantaxe que non teñen outros empresarios industriais, por exemplo, no polígono de O Campiño, que non teñen unha conexión rápida a unha vía de alta capacidade.

No imposto de Bens Inmobles, na IBI rústica, nós seguimos defendendo que o tempo investido, o esforzo funcionarial e do aparato administrativo para recadar, exiguamente 15.000 euros, que moitas veces non se chega a iso, pois resulta ineficiente, polo que creo que temos que tomar unha decisión nese sentido, fixar un mínimo máis alto de exención para que podamos adicar eses funcionarios a recadar onde se poden recadar máis cartos. Propoñemos tamén incrementar as bonificacións ás familias numerosas, as de categoría xeral a un 30%, as de categoría especial a un 50%. Vostedes, agora mesmo, teñen as de categoría xeral nun 10% e nós propoñemos subilas a un 30%, e as de categoría especial as teñen nun 30% e nós propoñemos subilas a un 50%.

No ICIO, propoñemos que se incremente a bonificación do 50% para este tipo de inversións, para obras que incorporen sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar, a lei permite chegar a un 95%, nós non propoñemos chegar ao tope pero si, polo menos, subilo ata un 75%. Propoñemos tamén a bonificación para favorecer as condicións de acceso e habitabilidade dos

discapacitados; isto choca moitísimo nun concello que vostedes presumen de que é un concello que, vostede o acaba de dicir na súa intervención e o din na súa proposta, vela pola xente con dificultades e polos discapacitados, etc., pois aquí hai unha posibilidade que establece a Lei de facendas locais que vostedes non están empregando; é algo que a xente tampouco sabía pero agora o sabe. Polo tanto, propoñemos introducir unha bonificación do 50% a favor das construcións, instalacións ou obras referentes ou que favorezan as condicións de acceso e habitabilidade dos discapacitados.

Retomamos outra vez, e creo que temos que insistir en elo a ver si acaban convencéndose, que teñen que deixar de cobrar solapadamente esta taxa de depuración que veñen cobrando dende o ano 2005 por facer a depuración, cando xa non están xestionando a depuradora, e a cantidade non é ningunha broma, vostedes xa falan de que este incremento impositivo que vostedes propoñen supón 300.000 euros e pico, o que quere dicir que vostedes están recadando un exceso ao ano de 900.000 euros. Con que quiten iso, mire, xa gañamos moitísimo os cidadáns de Pontevedra.

Por outra banda queremos tamén recuperar, porque así nolo esixen os empresarios e os emprendedores de Pontevedra, unha proposta que fixemos para acabar cunha inxustiza que se está producindo durante a concesión de licenzas para os pequenos negocios.

Non vou a estenderme na explicación, creo que está perfectamente exposto, tanto noutro pleno como na comisión e, polo tanto, esta é a nosa alternativa, baixar os impostos; a outra alternativa é subirlle os impostos a todos os cidadáns, polo tanto, eu invítolles a que, si de verdade lles preocupan os cidadáns, aposten por esta alternativa e aprobemos unha modificación de ordenanzas para non subirlle os impostos aos cidadáns de Pontevedra para o ano 2013.

Nada máis, moitas gracias.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias, Sr. Moreira.

Sr. Fernández, ten a palabra.

O Sr. Fernández González: Moitas gracias, señor Alcalde.

O primeiro que sorprende é o cambio de portavoz en temas económicos polo Partido Popular, é unha pequena sorpresa que o señor Moreira asuma tamén esa portavocía, non sei si por convicción ou por necesidade, non sei, pero os problemas internos que podan ter vostedes non son relevantes.

A verdade é que temos pouco poder de convicción, porque para min é decepcionante o rumbo que toma este debate porque parece que nin oímos nin escoitamos. Vostedes está farto de saber que non se poden tomar acordos sen os correspondentes informes, naqueles asuntos nos que sexan preceptivos e, aínda así, insiste. Este caso afecta a temas como é a recadación municipal, así como aspectos xurídicos que é necesario cumprimentar e, polo tanto, son necesarios os informes municipais, non se trata de criticar contra calquera cousa, hai que ter un pouquiño de sentido político e non limitarse a facer ruído, que é o que parece que quere facer vostede en cada pleno.

Con todos os respectos, compadécese bastante mal esa suposta preocupación que demostra ou quere amosar vostede, entendendo que hai unha presión fiscal

excesiva contra os veciños, fai vostede declaracións en defensa da economía das familias, nos acusan, pouco menos, de estar esquilmando as familias con estas subidas e, ao mesmo tempo, o seu partido, o seu partido, sobe o IVE en tres puntos, como mínimo, porque nalgúns casos a suba e moito maior, e iso si que afecta as economías domésticas, e a vostede iso parece non importarlle. Tampouco lle preocupa moito a suba do canon da auga, parece ser, e iso si que afecta as economías domésticas, vexa vostede os recibos da auga das familias. Tampouco lle preocupa a vostede manter posturas contrarias as que veñen mantendo outros compañeiros seus, noutros concellos, nos que non se cortan nada á hora de subir as taxas e os impostos; en Madrid, por exemplo, a presión fiscal pola utilización das piscinas municipais subiu un 26%; en Albacete, por exemplo, a subida media do Instituto Municipal de Deportes é do 60%, imaxínese vostede se nós propoñemos aquí unha suba do 60% nas taxas do IMD; en Alicante, son máis moderados, só aumentan un 3% catorce taxas e impostos municipais; en Oviedo suben o 12,5 o IBI; en Burgos un 7%; aquí cerquiña, a Deputación de Pontevedra, na Escola Infantil Príncipe Felipe, unha familia que pagaba 143 euros pasa a pagar 230, pero a vostede parece que iso non lle importa. Ademais, aínda por enriba, descoñecen e desprezan a propia historia do PP en Pontevedra, e veñen aquí a propor medidas consensuadas con algúns pequenos empresarios, di vostede, sobre os consumos da auga, que parece que o que lle preocupa aos empresarios, non lles preocupa a suba do IVE a eses empresarios cos que fala vostede, só a taxa da auga e a cota. Mire, iso que repiten vostedes tanto, coma se fora un mantra, da herdanza recibida, sabe?, este contrato da auga foi asinado no ano 98 por un alcalde do PP, foi asinado por un alcalde do Partido Popular, e aí, nese contrato, é onde se establecen os criterios de cobro, non os estableceu este goberno, nin o goberno da pasada lexislatura, senón un goberno do Partido Popular, esta é a herdanza recibida, agora esas cousas non se poden cambiar, salvo que vostede queira arruinar o concello, que ao mellor tamén lle gustaría, salvo que vostede queira iso isto é co que nos atopamos, por certo, un contrato no que o Partido Socialista votou en contra, entre outras cousas por estas, pero que asinou un goberno e un alcalde do PP, esa é a herdanza recibida que agora vostede descobre e que quere aproveitar un tantiño a ver si con isto da cota da auga e tal ganamos un puntiño e tal. Eu non sei con que empresarios fala vostede, a verdade, cos que falamos nós están máis preocupados pola suba do IVE que pola taxa e a cota da auga. Creo, realmente, que fraco favor lle está facendo vostede ao seu partido, dende a oposición, con discursos como os que está facendo, fraco favor, en todo caso, eu encantado de que siga por esa liña, señor Moreira.

Moitas gracias.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias, Sr. Fernández.

Sr. González Carballo, ten a palabra.

O Sr. González Carballo: Moitas gracias, señor Alcalde.

Evidentemente, o Partido Popular sabe que é unha suba moi moderada, e así queda manifestado tanto nesa memoria, que lle agradezo que a lese, porque me aforrou a min o traballo, como na práctica, os datos están aí, a diferencia doutras situacións que acaba de comentar o compañeiro Tino. Entón o que fai son inventos dignos do Club da Comedia pero que, realmente, é por xustificar o seu non voto a favor, porque é evidente, e pode lelo, convídolle a que lea o Plan Económico e Financeiro, alí esta

todo, o que soben os ingresos nun ano das taxas, o que soben do outro, os 310.000 euros o que supoñen, o tema do IVE, etc., léao, e como non están de acordo con iso e queren votar en contra pois inventan o que sexa. Vostedes cambian de voto continuamente, votan unha cousa nun pleno, como a taxa de sumidoiros, no seguinte resulta que piden que se refaga despois de non sei cantos anos, etc., eu creo que aí hai unha cuestión digna de mirar, porque votan unha cousas nun pleno e, sobre a mesma cousa, noutro pleno votan o contrario, alá vostedes, obedecerá a algunha directriz política, supoño.

Non acabo de entender por que hai catro desgraciados, con perdón, que teñen que pagar o IBI de rústica, que son os únicos que pasan dos 100 euros, para iso xa lla quitamos a todos, porque catro desgraciadiños, catro, dúas persoas físicas e dúas persoas xurídicas, en concreto, que pasan dos 100 euros, tamén que pobres desgraciados, xa llo quitamos a todos, home, por Dios!

O que máis me sorprende, sinceramente, é o tema de ENCE, mire, cando vostedes gobernaban alá polo ano 99, no século pasado, por certo, ENCE e ELNOSA eran zona 5, tiña o coeficiente 0,8, neste momento esta en zona 2 e coeficiente 1,9. Non sei se o sabe, ao mellor é que os enganamos tamén ao longo destes 12 anos e ao mellor non se enteraron diso porque os enganamos. Eu, si quere, lle pode transmitir aí ao Conselleiro, que nós lle xestionamos tamén o canon da auga de ENCE, non temos ningún problema, para que pague os 6 millóns de euros que lle corresponden, nós estamos dispostos a xestionarllo gratuitamente, por parte do Concello, e lle enviamos para alá os cartos, claro, pero é que ENCE está pagando só 700.000 euros ao ano, segundo declaraban daquela, ao mellor este ano xa nin pagaron nada. Entón son máis de 5 millóns de euros que a Xunta non lle cobra a ENCE; vostede se quere largar aí unha teoría, home, a teoría é a da pataca, porque resulta que subimos 100.000 euros e baixamos 1.500.000, vaia equilibrio! Sexan coherentes, nos abrasan co IVE, nos abrasan co canon de saneamento, e unha suba moderadísima coma é esta votan en contra, fai falla botarlle xeta, recoñezan a realidade e voten a favor, porque o demais non se sostén por ningún lado e sexan coherentes, por unha vez na vida.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias, Sr. González Carballo.

Sr. Moreira, ten a palabra.

O Sr. Moreira Ferro: Moitas gracias, señor Presidente.

Querido concelleiro de Facenda, a memoria claro que lin e, de feito, eu convido a todos os cidadáns a que a lean porque e digna de ler, é bastante divertida. Me di que lea o PEF, claro que o lin, eu lle digo: dígame en que páxina e en que liña do PEF di que hai que subir os impostos, dígamo, porque non o di, e vostede o que quere é subirlle os impostos aos cidadáns, e di: "é que nos obriga a lei, é que nos obriga o PEF", e fai un razoamento para xustificar como ten que votar o PP, mire, o PP sabe o que ten que votar, vostedes nós din que temos que votar a favor porque resulta que hai unha lei, e resulta que a lei é unha lei que está en tramitación e non sei que, mire, non lle dea tantas voltas, vostede quere xustificar que quere subir os impostos, pois xustifíqueo vostede pero non diga cousas que non son certas, porque o PEF non di que haxa que subir os impostos, diga vostede que quere subir os impostos, recoñézao, dígao aquí no pleno, diante de todo o mundo e que quede na acta, sexa coherente, nós non lle queremos subir os impostos aos cidadáns de Pontevedra e

vostedes si, esa é a realidade, esas son as dúas opcións que hai agora enriba da mesa.

No tema IBI rústica, nós fixemos unha proposta, espero a súa proposta, a ver, nós propuxemos un umbral de 100 euros, propoña vostede algo, pero non me negue que é totalmente ineficiente que para recadar 15.000 euros, que moitas veces nin se recadan ou hai que chegar á vía executiva, con todo o que conleva que é traballar coa empresa privada que cobra por cada euros que recada, non me diga que iso non é ineficiente, é que vostedes non se dan conta diso. As veces é mellor renunciar a cobrar eses 15.000 euros, ou unha parte deles, e centrar a eses funcionarios en outros impostos nos que se poda recadar máis, por exemplo, no IBI urbano, porque hai moitas construcións feitas dende hai anos pero que non están pagando IBI porque non están dadas de alta no catastro, porque vostedes non se preocuparon tampouco nin de actualizar o catastro nin de actualizar as ponencias de valores.

No tema de ENCE, mire, xa estou sendo xeneroso porque estou dicindo que vostedes están aplicando o 1,9, que é a categoría 2, pero é que hai varios epígrafes de ENCE e de ELNOSA que a rúa que teñen declarada no padrón da matrícula fiscal non é a rúa Lourizán, que é a que ten 1,9, algúns teñen outro nome de rúa, que agora non me acordo cal é, que está en categoría 3, 1,5, é dicir, hai partes desa actividade desas dúas empresas que non están a pagar 1,9, eu xa estou sendo xeneroso e dando por bo que están pagando todas o 1,9 e non o están pagando, fíxese, deille unha marxe de confianza, unha marxe de manobra, pero vostede non se deu conta diso, ten que vixiar un pouco o padrón da matrícula do IAE.

No tema da auga de ENCE, do que vostede tanto fala, eu no sei que fixeron vostedes os catro anos que estiveron no goberno da Xunta, non sei como deixaron que ENCE non pagara esa auga, eu entendo que si non facían nada era porque, tácitamente, lles parecía moi ben, non sei por que agora lle achacan á Xunta que non se cobra o que hai que cobrar, que non é así, se cobra o que hai que cobrar, o que pasa é que vostedes dánlle a volta, vostedes nos toma a todos por parvos, querido concelleiro. Enriba da mesa hai dúas propostas, unha é subir os impostos a todos e outra é subirlle aos que máis teñen para poder baixarllos aos demais, vostedes teñen a opción de elixir un modelo ou outro modelo.

Nada máis e moitas gracias.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias, Sr. Moreira.

Sr. González Carballo, ten a palabra.

O Sr. González Carballo: Moitas gracias.

Vaia exercicio de demagoxia, vostedes están en todos os sitios e vese aí, eu non entendo o seu empecinamento en restarlle case, digo a bote pronto, 1 millón e medio de euros ao Concello polo tema de ENCE, dicindo que iso se compensa co de ENCE, entón teriámolo que poñer en categoría supermil. Mire, lease o expediente que Barrio do Cabo ven zona 2 neste expediente, pero véxao, ven no expediente, a corrección das rúas que facemos, claro, non lle deixa intervir ao meu amigo Guillán e lle pasan estas cousas, non lle deixa intervir e lle pasan estas cousas, claro, non le os expedientes; Bº Cabo, en concreto ven como Bª Cabo, e veñen dúas de ELNOSA, se quere sabelo, e unha de ENCE, resulta que van aquí, home, por Dios, mire lea ben os expedientes, deixe de facer demagoxia, que por aí mal vamos.

Nada máis e moitas gracias.

Rematado o debate e realizada **votación ordinaria sobre a emenda** presentada polo grupo municipal do PP, votaron a favor da mesma 11 concelleiros (os 11 concelleiros do grupo municipal do PP), e en contra 14 concelleiros (os 11 concelleiros do grupo municipal do BNG e os 3 concelleiros do grupo municipal do PS de G-PSOE), polo que o Pleno do Concello, por maioría, acorda rexeitar a emenda do grupo municipal do PP.

Seguidamente, sométese a **votación a proposta de acordo do Concelleiro delegado** da área de Facenda e Medio Ambiente, e o Pleno do Concello, por maioría, co voto favorable de 14 concelleiros (os 11 concelleiros do grupo municipal do BNG e os 3 concelleiros do grupo municipal do PS de G-PSOE) e o voto en contra de 11 concelleiros (os 11 concelleiros do grupo municipal do Partido Popular), e de conformidade co ditame da Comisión de Economía e Facenda, presta a súa aprobación á devandita proposta, aprobada como proxecto de acordo pola Xunta de Goberno Local e, en consecuencia, acorda:

Primeiro.- Acordar a aprobación provisional da modificación de:

1. Ordenanza fiscal reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos.

2. Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de extinción de incendios.

3 Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de recollida de lixo.

4. Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación de servizos nos cemiterios municipais.

5. Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial constituído pola ocupación de terreos de uso público con mesas e cadeiras con finalidade lucrativa.

6. Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial por ocupación de terreos de uso público con mercadorías, materiais de construción, cascallos, valados, puntais, cabaletes, estadas e outras instalacións análogas .

7. Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial constituídos pola entrada de vehículos a través das beirarrúas e reserva de vía pública para aparcamento, carga e descarga de mercadorías de calquera clase .

8. Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial por ocupacións do subsolo, solo e voo da vía pública.

9. Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial pola apertura de zanxas, prospeccións e gabias en terreos de uso público, así como as remocións de pavimentos ou beirarrúas na vía pública.

10. Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de xestión da rede de sumidoiros.

11. Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de abastecemento de auga.

12. Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana.

13. Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles.
14. Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica.
15. Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre actividades económicas.
16. Ordenanza fiscal reguladora da taxa por servizos especiais ou transporte.

Segundo.- De conformidade co disposto no artigo 17.1 do Texto refundido la lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, o presente acordo de aprobación provisional de modificación, exporase ao público no taboleiro de anuncios deste Concello durante 30 días hábiles así como Boletín oficial da provincia do anuncio da exposición pública, a fin de que os interesados poidan examinar o expediente, e presentar as reclamacións que estimen oportunas. Tamén se publicará nun periódico dos de maior circulación da provincia o anuncio de exposición pública. Aínda que se dá publicidade en tres medios, o prazo de 30 días contará a partir da publicación no Boletín oficial da provincia.

Terceiro.- Considerar definitivamente aprobada a modificación da Ordenanza reguladora establecida, no caso de que non se presentasen reclamacións no prazo establecido para elo.

Cuarto.- Proceder, unha vez se aprobe definitivamente a modificación da ordenanza, á publicación íntegra do acordo de modificación así como do texto íntegro da modificación da ordenanza no Boletín oficial da provincia, para os efectos da súa entrada en vigor.

3.- INFRAESTRUTURAS: MANIFESTACIÓN DA VONTADE DO CONCELLO DE ADHESIÓN AO CONVENIO, REMITIDO A 30.10.2012, PARA A CONSTRUCIÓN E EXPLOTACIÓN DA ACTUACIÓN "NOVO ABASTECEMENTO DE AUGA A PONTEVEDRA E A SÚA RÍA".

A instancia do Sr. Alcalde-Presidente, por unanimidade (25), ratifícase a inclusión do presente asunto na orde do día da sesión.

Incidencias.- Auséntanse da sesión dona María Biempica Ortiz e don Miguel Anxo Filgueira Touriño.

O Sr. Alcalde-Presidente: Ten a palabra o concelleiro do grupo municipal do BNG, don Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo.

O **Sr. Mosquera Lorenzo:** Moitas gracias, señor Alcalde.

Bos días a todos e a todas, eu imaxínome, teño para min e agardo que así sexa, polo ben de todos, que este asunto leve un tempo infinitamente menor co anterior, esa é a perversión da mecánica do Pleno, no sentido de que algo como era o anterior, que ao final vai supoñer 300.000 euros para o Concello pois pode levar unha hora, falando de todo o habido e por haber, cando é un tema absolutamente menor e corrente, e este, que é un tema que vai supoñer moitos máis cartos para o Concello, de aforro, pois, seguramente, o despachemos cunha votación unánime sen maior transcendencia, cando menos en canto a tempo, transcendencia para o futuro da subministración de auga a Pontevedra e aos concellos da ría que se adheriron, e para as arcas municipais, ten infinitamente máis que o punto anterior.

Xa é coñecida a base da que partimos, agora, afortunadamente, as explicacións non foron moi claras pero creo que se entenden, a propia limitación de recursos das administracións cofinanciadoras dos programas financiados con FEDER levou a que a participación deses fondos nas obras chegara ao 70% co cal a participación dos concellos é moito menor do que era inicialmente, que pasaba do 50% e, polo tanto, o aforro para os concellos e para os cidadáns vai ser moi, moi, moi significativo.

O tema ven como manifestación da vontade do concello de adhesión ao convenio, por motivos de técnica xurídica e toda esta inmensa maraña normativa que hai, uns informes teñen que ter contías certas ou teñen que deixar de ter, etc., que afortunadamente polo servizo xurídico do Concello atoparon a solución, outros concellos, como o de Sanxenxo pasou meses e meses sen poder aprobar o convenio por culpa deste tipo de cruces de normativas, que fan a xestión extraordinariamente enmarañada e, incluso, fan saltar datas e prazos e posibilidades.

O que estamos aprobando é que o Concello de Pontevedra ratifica a súa adhesión ás condicións modificadas, deixando aberto que se hai algunha modificación que só, neste momento procesal, pode ser á baixa, por cuestións de baixas de obras ou o que sexa, ou sexa que a aportación baixaría, pois nese momento facer contabilización e de máis.

Nestes momentos creo que é unha moi boa noticia, tamén e unha boa noticia que sexamos capaces de tramitalo así e, polo tanto, darlle axilidade para que a cuestión administrativa se axuste ao que é un fin que todos compartimos e que é extraordinariamente positivo, porque supón moito servizo dun ben extraordinariamente necesario e importante como é a auga e, a parte, con moitos menos medios, polo que creo que é unha moi boa noticia e, polo tanto, agardo, como xa pasara no anterior convenio, que haxa unanimidade, non creo que teña xurdido ningún motivo para que cambiaran, máxime cando melloran aínda as condicións, eu entendo, polo que se desprende do debate anterior, que pode haber ata quen estea entristecido porque supoña menos gasto para o Concello pero creo que formalmente todos nos vamos a alegrar, todos imos estar encantados e o convenio será ratificado por unanimidade, ou iso agardo.

Rematada a intervención do Concelleiro delegado da área de Ordenación do Territorio, o Pleno do Concello, por unanimidade (23), presta a súa aprobación á proposta da Alcaldía, de data 06.11.2012, de manifestación da vontade do Concello de adhesión ao Convenio para a construción e explotación da actuación "novo abastecemento de auga a Pontevedra e a súa ría" e, en consecuencia, acorda:

Primeiro.- Amosar a intención do Concello de adherirse ao Borrador do Convenio de Colaboración entre os Concellos de Pontevedra, Sanxenxo, Poio, Marín e Vilaboa coa "Sociedad Estatal Aguas de la Cuenca del Norte, S.A" para la construcción y explotación de la actuación "Nuevo Abastecimiento de Agua a Pontevedra y su Ría" remitido o 30.10.2012, comprometéndose o Concello de Pontevedra a asumir as obrigas derivadas da súa sinatura, unha vez tramitado o expediente administrativo que corresponda coa incorporación dos informes técnicos e xurídicos que resulten preceptivos, e aprobado polo órgano municipal que corresponda.

Segundo.- Comunicar á Sociedade Estatal Aguas de la Cuenca del Norte, S.A (acuaNorte) o presente acordo, para o seu coñecemento e demais efectos que procedan.

4.- ADDENDA POLA QUE SE MODIFICA O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E O MINISTERIO DE FOMENTO, FIRMADO O 24.04.2009, PARA A RACIONALIZACIÓN E MELLORA DA REDE DE CARRETEIRAS DO ESTADO NO MUNICIPIO DE PONTEVEDRA.

A instancia do Sr. Alcalde-Presidente, por unanimidade (23), ratifícase a inclusión do presente asunto na orde do día da sesión.

O Sr. Alcalde-Presidente: Ten a palabra o concelleiro do grupo municipal do BNG, don Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo.

O **Sr. Mosquera Lorenzo:** Gracias, señor Alcalde.

Estamos nun caso parecido, tanto pola contía, que estamos falando de máis de 6 millóns de euros, como polo trámite en si, porque esta addenda foi mandada polo Ministerio de Fomento, foi aprobada neste Pleno, e despois, o Ministerio de Facenda e a Administración Xeral do Estado poñen unha condición que só é aclaratoria, creo que calquera cidadán podería entender que, simplemente, era redundante co cal non creaba ningún problema, pero resulta que, parece ser, a información que temos é que se quere volver ao Consello de Ministros, nin máis nin menos, que por unha nota aclaratoria onde dicía: "terá que cumprir as condicións legais para reprogramarse", home, pois como que si, toda a administración debe de cumprir as condicións legais, pois por algo deste tipo resulta que, nin máis nin menos, ten que volver ao Consello de Ministros que, en principio quere que sexa este venres, agardemos que o dean cumprido, con efectos perversos, como apuntaba agora o compañeiro Raimundo, como que isto estaba previsto asinalo antes, ía todo ao seu ritmo, resulta que por unha coletilla de este tipo non vai e entón a reprogramación para o ano que ven resulta que, en principio, vai fora de prazo, porque a addenda non estará asinada e non será firme antes da data que pon o propio convenio, bueno, estes follóns que despois son difícil de explicar aos cidadáns pero é esta maraña administrativa que ao final nos leva a que teñan que vir ao Pleno, que teña que ir a Consello de Ministros outra vez e cousas polo estilo que son, francamente, extraordinarias, polo menos na miña opinión. En todo caso, moi brevemente, non varía a addenda e agardemos que con esta ratificación plenaria que, se volve ao Consello de Ministros, andaba a Abogacía do Estado mirando se ten que volver ou non, en principio a opinión era que si, que ten que volver ao Consello de Ministros, pois esa é a información que temos, se cadra cambia e non ten que ir, pero en principio si, nos dixeron que si tiña que volver ao Consello de Ministros, pois podamos asinalo e seguir, outros trámites son coñecidos, está en exposición pública o proxecto de urbanización, estase reaxustando o de expropiacións e, polo tanto, poder manter os prazos e poder investir estes millóns de euros que transfire o Ministerio, e creo que é moi boa noticia aínda que veña de segundas por incidencias, digamos, procesais, sen maior transcendencia.

Nada máis.

Incidencias.- Reincorpóranse á sesión dona María Biempica Ortiz e don Miguel Anxo Filgueira Touriño.

Rematado o debate, o Pleno do Concello, por unanimidade (25), presta a súa aprobación á addenda ao Convenio de Colaboración entre o Concello de Pontevedra e o Ministerio de Fomento para a racionalización e mellora da rede de estradas do Estado no municipio de Pontevedra asinado o 24 de abril de 2009.

5-6.- MOCIÓNS DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO BNG E DO PS DE G-PSOE SOBRE A FOLGA XERAL DO VINDEIRO 14.11.2012.

A instancia do Sr. Alcalde-Presidente, por unanimidade (25), ratifícase a inclusión das dúas mocións presentadas na orde do día da sesión. Así mesmo, indica que as dúas mocións serán tratadas conxuntamente por seren sobre o mesmo tema.

O teor literal da **moción presentada polo grupo municipal do BNG** en apoio a folga xeral do vindeiro 14.11.2012, é o seguinte:

"Aproveitando as turbulencias financieiras xeradas pola mais pura e dura especulación nunca vista na historia, o capital transnacional, e os seus testaferros, desencadeou unha ofensiva sen cuartel contra as clases traballadoras: obreiros, funcionarios, pequenos e medianos empresarios, autónomos, pensionistas,...., especialmente dos agora denominados estados e nacións periféricos. O obxectivo é empobrecer a estas clases populares e medias en favor da recuperación dos beneficios do grande capital.

Aplicando de xeito planificado e sistemático esta política de terra queimada social e política, as medidas van caendo en cascada, unhas tras outras, con recorte de dereitos, empobrecemento xeneralizado, traxedia social. E sen parar en ningún momento; o lobo agarrou a presa e non a solta, non ten previsto soltala, a menos que se lle obrigue.

A arquitectura da UE, especialmente o Tratado de Lisboa, feita á medida dos intereses do grande capital transnacional, ao fin e ao cabo, a única UE existente pois as teorías da Europa Social e músicas polo estilo non deixan de seren utopías sen plasmación legal, está sendo usada para aplicar esta política de empobrecemento xeneralizado. Os aparentes debates de si Merkel é a mala e outros son os bos, non son mais que cortinas de fume para enmascarar que a UE está deseñada á medida do grande capital e, polo tanto, vai actuar defendendo os seus intereses, que, no momento presente, consisten na "masacre" económica e social das clases traballadoras das nacións periféricas.

Por outro lado, a política de eliminación de competidores vai destrozando os sectores produtivos de Galiza, todos e cada un, sexan o cárnico, o lácteo, o pesqueiro, a construción naval, a construción,....., co cal o panorama é aterrador. Aínda que se producise unha recuperación económica, feito que non se albisca nun futuro próximo (fálase de mais dunha década de crise), a recuperación da produción e do emprego en Galiza non terá sectores nos que apoiarse. A emigración parece ser a única alternativa que nos deixan tanto na actualidade como no futuro.

O capitalismo actual está amosando sen disimulo a súa faciana mais cruel, mais insensíbel, mais inhumana. Non lle importa causar sufrimento, desintegración social, pobreza, mais desigualdade e inxustiza social, "arrasar" económica e socialmente

con nacións enteiras, con tal de avanzar nos seus designios, que non son outros que os seus intereses e beneficios.

Para mitigar a resistencia á ofensiva do grande capital tratan de atemorizar aos cidadáns, insistíndolle en que non hai alternativas e falacias semellantes. Calquera alternativa será mellor que a traxedia económica e social que estamos a padecer, pero, para forzar unha alternativa, hai que superar os medos, loitar polos nosos dereitos, mostrar rebeldía e insubmisión fronte a maior inxustiza social que se recorda. Só así poderemos mudar o rumbo e frear o deseño e a política do grande capital transnacional.

Por todo o exposto, proponse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

Apoiar as mobilizacións e a Folga Xeral convocadas para o 14 de Novembro en contra das medidas adoptadas e para impulsar a economía e o traballo en Galiza."

A **moción presentada polo grupo municipal do PS DE G-PSOE** en apoio da Folga Xeral do vindeiro 14.11.2012, é do teor literal seguinte:

"Os sindicatos teñen convocado unha Folga Xeral para o próximo mércores, día 14 de novembro. A convocatoria pretende ser un berro da sociedade contra o quebranto que están a causar as políticas de austeridade, enfocadas unicamente a reconducir os indicadores macroeconómicos e os intereses das grandes corporacións, especialmente os bancos, ao tempo que deixan na estacada ás clases medidas e aos máis desfavorecidos.

O paro é o máis escandaloso dos problemas que atravesa España, e tamén Galicia. Mentres millóns de persoas viven nunha situación crítica, sen futuro e sen esperanza, o Goberno neoliberal de España só atopa un espellismo de solución nos recortes orzamentarios, agravando así, nun evidente círculo vicioso, os problemas dos cidadáns.

Da man da pretendida austeridade chegan o desmantelamento dos servizos públicos sanitarios, educativos e de servizos sociais. Favorécese o despido libre cunha reforma laboral atroz. Conséntese o desafiuzamento das persoas que non poden pagar a hipoteca. Súbese desproporcionadamente o IVE afogando o consumo. Implántanse taxas desmesuradas para impedir o acceso á xustiza. Castígase ao pequeno comercio con medidas liberalizadoras. Elimínase a paga extra aos funcionarios. Introdúcense o pago por medicamentos, e agora tamén, por receitas. Apróbase unha vergoñenta amnistía fiscal para beneficiar a delincuentes e aos que agocharon os seus cartos en paraísos fiscais. Engánase aos xubilados prometendo subas ridículas das pensións ao tempo que non se lles actualizan pola suba do IPC...

Asistimos impotentes a un xigantesco transvasamento de capital dende os petos da clase traballadora e a clase media ás pingües contas bancarias dos máis poderosos. Mentres o Goberno de España vive só pendente dos macroindicadores económicos, pasa por alto todos os datos que apuntan a que a brecha social entre ricos e probes estase incrementando de xeito exponencial.

Diante de todo isto, a cidadanía debe reaccionar. É necesario reconducir os criterios que están a guiar a Política española e galega. Cómpre expresar a nosa protesta diante de políticas tan inhumanas e contribuír a endereitar este rumbo, profundamente errado, que está levando a España e Galicia a cotas de sufrimento

social intolerables.

Diante destas consideracións, o Pleno do Concello de Pontevedra, ACORDA:

1.- Apoiar a Folga Xeral do próximo 14 de novembro.

2.- Animar á participación por parte de todos os veciños e veciñas de Pontevedra.

3.- Expresar o rexeitamento do Concello de Pontevedra das políticas de austeridade, que tanto sufrimento están a causar en todos os segmentos da nosa sociedade."

Aberto o debate, o **Sr. Alcalde-Presidente** concede a palabra, en representación do grupo municipal o PS de G-PSOE, a don Agustín Fernández González.

O Sr. Fernández González: Moitas gracias, Sr. Alcalde.

As políticas de axuste levadas a cabo polo goberno do Partido Popular, induciron a un estado de máxima gravidade non só na economía senón tamén na sociedade e na propia democracia.

Os dirixentes políticos europeos, conservadores, e de xeito moi singular os españois, xeraron unha situación que é moito máis que inxusta e responde a unha política indecente porque provocar de forma programada e progresiva a eliminación do dereito de traballo, o empobrecemento masivo da poboación o desmantelamento dos mecanismos e redes de protección social, que esa mesma poboación paga cos seus impostos, é unha conduta repulsiva que debe ser denunciada e que é merecedora de unha mobilización contundente.

Estamos ante un conflito que non é soamente de carácter laboral, xa non cabe dúbida de que as consecuencias das políticas que se están levando a cabo prexudican a toda a sociedade favorecendo aos mercados especulativos de forma que se pode dicir que desta desfeita só se salvan as elites económico-financeiras.

Esta folga xeral é un paso máis na esixencia ao goberno de España de un cambio radical nas súas políticas para que estas pasen a apostar polo crecemento económico, a creación de empreso, a destitución dos dereitos laborais eliminados pola reforma laboral, así como dos servizos e prestacións públicas e que o goberno empeñe as súas enerxías nunha ambiciosa reforma fiscal baseada na equidade e na suficiencia para que o Estado dispoña dos recursos necesarios que demandan as políticas públicas.

Os socialistas apoiamos así mesmo esta folga xeral como parte de unha mobilización conxunta dos traballadores europeos contra os gobernos e institucións que instrumentalizan a Unión Europea con gobernos, na maioría dos casos, de carácter conservador, e pretenden dividir aos seus cidadáns con egoísmos tan primarios como falsos, porque en realidade os cidadáns, os traballadores de calquera recuncho de Europa saben que hai máis garantías de emprego, mellor protección social e mellor calidade de vida cantos máis canles de cooperación cos seus veciños haxa.

Este goberno abaratou o despido, fomenta a privatizacións dos servizos públicos, prexudica gravemente a negociación colectiva, denigra o emprego público, quita a paga de Nadal, incrementa os impostos aos cidadáns mediante a subida do IVE e do IRPF, facilita o despedimento colectivo dos traballadores da Administración pública, dáse todo o poder aos empresarios, reduce as prestacións por desemprego, introduce o repago farmacéutico, paraliza a Lei da dependencia, deteriora o ensino

público. Sobran por tanto razóns para ira á folga xeral e ademais de culpables tamén hai solucións.

Moitas gracias.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias, Sr. Fernández.

Sr. Mosquera, ten a palabra.

O Sr. Mosquera Lorenzo: Moitas gracias, Sr. Alcalde.

Imaxínome que haberá certas dúbidas ou chamará a atención porque hai dúas mocións cando o obxectivo é o mesmo. Creo que os feitos son moi claros, os obxectivos nítidos están aí; cando foi a anterior situación no 2010 houbo un posicionamento claramente diferente do que era o grupo do BNG do que era o grupo do PSOE, que si apoiou as medidas que naquel momento, a partir de maio de 2010, tomara o goberno socialista. Obviamente, a concepción do que está pasando coa crise e as solucións son diferentes, de aí que a pesar de este asunto puntual de apoio á folga que haxa unha diferencia nas mocións, na concepción do asunto e polo tanto haxa dúas mocións diferentes. Isto hai que explicalo, me van a perdoar que intentemos aclaralo e por moitos motivos, primeiro, hai un ambiente social de que a folga, en fin, pode non servir para nada, igual nos crea problemas ou o que sexa, creo que é importante que a maioría entenda que debe apoiar a folga, incluso con todas as diferencias que poida ter, e incluso aínda que non vaia que a apoie moralmente.

En canto ao fondo, aquí houbo unha serie de decisións que se foron tomando co tratado de adhesión á UE, fóra con Maastricht, fóra coa constitución europea o co tratado de Lisboa, no que basicamente se fixo unha arquitectura á medida ditada polo grande capital, no que a inmensa maioría dos empresarios pequenos e medianos, as clases traballadoras, como se queira chamar, profesionais, pensionistas ou o que sexa, que daban cunhas normas de xogo, quedaban excluídos desas normas de xogo, a pesar de toda a música tan bonita que se nos quixo contar da Europa social, da cohesión e demais, o propio Delors ten declarado que aquilo non foi o que se pretendía senón todo o contrario, foi feito á medida de quen foi.

Se algo ten o grande capital é que non ten alma, e unha vez que ten o marco suficientemente claro como para poder apretar o acelerador e pegar un recorte brutal das rendas do traballo, profesionais e pequenos empresarios, a favor del, non o vai a soltar e non o está soltando e seguirá. Estamos nunha situación, alguén dicía o outro día, que estamos en exactamente en unha situación -1 con respecto a Portugal e -2,5 con respecto a Grecia, ou sexa que o que está pasando en Portugal ou está pasando en Grecia agora será o que pase aquí dentro de 1 ano ou dentro de 2,5, segundo vaia evolucionando e pase ese tempo e todos os feitos van, cuarta arriba ou cuarta abaixo, por aí, evidentemente en Galiza temos unha situación tremenda, con unha situación absolutamente envellecida, con un continxente laboral cada vez máis reducido e aínda así ningún sector produtivo se está salvando historicamente, en estes momentos agravado, co cal a única solución que lle queda e que se está ofrecendo é emigrar agora e no futuro incluso se se recupera a situación económica, que todos sabemos e todos os pronósticos apuntan a que a situación aguda pode durar algúns anos máis, xa empezamos a ver brotes verdes outra vez, iso recorda moito hai dous anos, pero todos os analistas concordan en que 10 anos, 12, 15, non

vai haber que non os quite, senón de crise aguda cando menos de estancamento e de problemas, ou sexa que o mundo que tivemos nos últimos 20 anos en principio desaparece ou vai desaparecer con unhas consecuencias absolutamente catastróficas.

Obviamente o que é o sistema político de todos os estados implicados na UE non parece que estean polo labor de petar enriba da mesa, de refacer, de reconstruír, de modificar, de facer medianamente máis xusto o deseño que hai de empobrecemento xeralizado e nos parece que só queda o recurso da cidadanía que se mobilice e que presione de unha maneira moi seria para que isto se modifique. Non parece, lemos as noticias todos os días, e a UE manda, Bruxelas di, o outro non di.., e sempre con estes xogos que, en principio, nós alegrámonos profundamente que o Partido Socialista teña unha postura distinta, non foi a que tivo no 2010, non foi a que tivo Sócrates en Portugal, no foi a que tivo o Pasok en Grecia, é positivo que se vaia nesa dirección, tamén as cuestións da dureza, do deseño que hai, e do pouco marxe de manobra ou ningún que se deixa creo que é positivo que haxa cambios.

Gustaríanos tamén que o Partido Popular se sumara, por que?, porque estamos absolutamente convencidos de que si en Galicia, ou si no Estado español, houbera un acordo político, como o houbo para modificar a constitución, de unha maneira absolutamente antidemocrática e acelerada, que non serviu para nada, se houbera ese acordo para ir en dirección contraria, seguro que se movía algo, seguro. As razóns que se están dando, non vou a entrar polo longo porque sería moi extenso que esa débeda pública do Estado español tiña no ano 2007 o 37% era a que menos tiña de toda UE, ou sexa que non era a débeda pública, non era, era o que é, é dicir, aquí hai que facer, como chaman tecnicamente, unha devaluación interna, pero se unha empresa non gaña máis entón baixan as accións e escapan os accionista, ou sexa a devaluación interna é para os que traballan, hai que facer unha devaluación interna, polo tanto circuíto de paro e de rebaixar os salarios. Nestes momentos unha persoa que perde o traballo, coa mesma categoría profesional, ao día seguinte, para conseguir outro máis ou menos lle están ofrecendo a metade, con sorte, é unha devaluación brutal tanto del salario directo como indirecto, un peche masivo de todas as empresas, un corte planificado de todos os sectores produtivos que lle podan facer algunha competencia ou que politicamente alguén os defende noutro lado, como pode ser o sector lácteo ou o naval ou a pesca, etc., non é cuestión de recordar que neste momento en Galicia somos importadores netos de peixe, que árdelle o eixo, cando andamos exportando máis ou menos o 60% da produción en 25 anos, neste momento importamos máis do que exportamos, somos un gran mercado e hai a quen lle interesa e, polo tanto, a nós non nos deixan pescar.

A situación é que aínda que somos conscientes de que hai toda unha serie de cidadáns que teñen moitas, que teñen reticencias en ir a folga cremos que se deben dar estes pasos e tamén cremos que o Partido Popular non o debería entender como unha agresión el mesmo senón se fora capaz de dar un paso e colocarse buscando unha política alternativa, desde a súa perspectiva ideolóxica, pero unha política alternativa que non sexa estar sometidos absolutamente a esas decisións e a esa arquitectura institucional que está feita a medida do grande capital e radicalmente en contra da inmensa maioría dos pequenos e medianos empresarios, autónomos, traballadores, funcionarios, pensionistas, etc., creo que sería positivo e cremos que ten saída se que hai esa presión social dado que polas boas dende logo non vai haber ese cambio.

Moitas gracias.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias, Sr. Mosquera.
Algunha intervención?, Sr. Guillán Pardavila.

O Sr. Guillán Pardavila: Gracias Sr. Alcalde, buenos días.
Esta huelga es exclusivamente contra los trabajadores, contra los trabajadores, así de claro, así de sencillo, les va a ir al bolsillo, no va a tener ningún efecto positivo, se van a perder, según los analistas, más de tres mil millones de euros por este día de huelga y, precisamente, se debe hacer lo contrario a lo que ustedes, desde ahí, los dos gobiernos que están ahí enfrente, aunque se ponen de acuerdo de vez en cuando pero en la moción de la huelga del Sr. Zapatario, esa huelga "light" que se hizo, porque claro le faltaba la correa de transmisión que tenía que contentarlo como era el gobierno de izquierdas, que sería de los gobiernos de izquierdas sin los sindicatos, pues no sería nada, ahora mismo no habría huelga, porque es una auténtica barbaridad. En una situación agonizante como la que esta viviendo España, con una dependencia de Europa que se plantee una huelga, a mi me extraña y le extraña mucho al grupo popular, que en la exposición de motivos que ponen ustedes aquí son algo asombro, pero además mentiras, se convierten ustedes desde esta exposición y de lo que acaban de decir aquí en unos auténticos agitadores, agitadores, que es de lo que están viviendo cada vez que hay un problema; ustedes agitan, revuelven, incordian, pero propuestas de solución a todos los temas que tiene planteado el país, he visto la posibilidad tanto del PSOE como del Bloque de hacerlo y no lo han hecho, no han hecho ninguna propuesta constructiva y les diré por qué. La huelga es legal, evidentemente, ahora ni unos ni otros están legitimados para moverse en ninguna dirección con respecto a esto que está ocurriendo y que ustedes la izquierda en general en España potencia para que los sindicatos salgan a la calle.

Esta es una huelga exclusivamente política y ustedes lo saben, son conscientes de que es una huelga política y todas las huelgas generales son huelgas políticas y así se reconoe en Europa, y así se reconoce en Alemania, la constitución alemana no contempla las huelgas generales, así hablamos, ¿cómo no hay huelgas en Alemania?, pues hay problemas, claro que hay problemas, en la época de su colega el socialista Schroeder, hubo problemas sociales importantes, importantísimos, que se denunciaron aquí pero se olvidaron ustedes de lo que había en ese momento, y los hubo, igual que aquí, hubo más paro, una reforma laboral, etc. La constitución alemana prohíbe la huelga, solamente la huelga general, solamente permite la huelga sectorial cuando no llegan a un acuerdo en los convenios sectoriales entonces le permiten ir a la huelga general. ¿Quién paga la huelga general?, la pagan los propios trabajadores, con el 1% de su salario para el sindicato y aquí que está ocurriendo, por eso decimos que son correas de transmisión los sindicatos de los partidos políticos, eso no hay quien lo dude, ustedes que están ahí son sus sindicatos, UGT, la CIG y CC.OO, porque no tiene aquí representación, saben de sobra que son esas correas de transmisión que alimentan todo esto, y ¿cómo lo alimentan?, con subvenciones, por ejemplo, en el año 2010, 250 millones de euros, dígame usted dónde está la independencia, en Alemania hay independencia para no ser esa correa de transmisión, en España hay una correa de transmisión, en Alemania no, por qué, porque hay independencia, por que los sindicatos se mueven por otros intereses que no se mueven los sindicatos españoles. Esto tiene que terminar y de hecho termina-

rá y de hecho habrá que modernizar los sindicatos y de hecho habrá que pensar más en España que en ellos mismos y habrá que pensar en salir de la crisis y habrá que pensar en salir de la crisis sin hacer una huelga en este momento que menoscaba, en primer lugar, la imagen de España; en segundo lugar, la prima de riesgo; en tercer lugar, que le afecta a los bolsillos de los trabajadores; y en cuarto lugar, cómo hablan ustedes de economía productiva, cómo hablan ustedes de que se puede equilibrar en una cosa y en la otra, decía el Sr. Mosquera, pueden reclamarle ustedes el plan "E" al Sr. Zapatero, esa economía productiva de 20.000 millones de euros que significa 2 puntos en el déficit, que pasaríamos ahora del 9 al 7, por ejemplo, sino se hubiera cometido esa barbaridad que no sirvió absolutamente para nada, para hacer barbaridades en todo el territorio nacional. Ahora tienen la cara ustedes, ambos, de venir aquí con una moción en la que dice aquí el PSOE "e agora tamén amnistia fiscal para beneficiar a los delincuentes", oiga, qué hizo Felipe González en el año 84 y 91, ¿qué hizo Felipe González?, dos amnistías fiscales; Alemania, otra amnistía fiscal en el 2003; Portual, en el 2010; Italia, en el 2009; Estados Unidos; México, todos han hecho amnistías fiscales, en los momentos difíciles que son estos que tenemos ahora mismo, difíciles no, dificilísimos, hay que recurrir a todo lo que sea posible para recaudar dinero y para recaudar lo máximo que se pueda porque hay que hacer frente a una situación en la que España está pagando 260 millones de euros diarios más de los que ingresa, cómo se arreglan esas cuentas si eso lo trasladamos a la familia; ustedes, que saben de matemáticas, son todos matemáticos, ¿cómo se arregla esa situación?, si se ingresan 260 millones menos de los que se gastan, es muy difícil, entonces hay que buscar todo lo que se pueda al último céntimo y por qué hay que buscarlo, porque ustedes dejaron a 5 millones de parados en el infierno, que hablan ustedes aquí en esta exposición de motivos, durante ocho años mandaron al paro ustedes a 5 millones de trabajadores y ustedes parece que se olvidan y ahora aquí apoyan la huelga, ¿por qué?, porque la UGT les ha dicho, porque yo creo que el PSOE presentándola en el último momento pues fue un mandato, no me creo, Sr. Louro, que eso no haya sido así. Ustedes lo mismo, hay que presentar porque son su correa, sin ellos ustedes no estaban en esos temas para nada. Es más, el Partido Popular en la huelga "light" esa que le hicieron a Zapatero, un simulacro de huelga, no participo nunca ni alentó que se fuese a la huelga, esto no lo hace el Partido Popular o los conservadores como le llaman ustedes.

Cómo se puede entender que un presidente que lleva once meses en el gobierno se le hayan hecho los huelgas generales, una en el cuarto mes y otra en el onceavo mes, ¿qué país entiende esto?, pues no lo entienda nadie, salvo lo que realmente ustedes han hecho que ha sido destrozar un país, lo han destrozado, y ahora como pasa siempre cuando gobierna el PSOE y pasó ya en dos ocasiones, dejan esquilmado el territorio nacional y tiene que venir el Partido Popular a solucionar los problemas, pasó con Aznar y está pasando con Rajoy ahora; esa es la historia, eso es lo que hay ahí, está escrito, no lo estamos inventando. A Felipe González le hicieron cuatro huelgas en España, con un 22,8 por ciento de paro, a Aznar una huelga en ocho años, con un 11,5, a Zapatero la huelga "light" de antes y a Rajoy 2 en 11 meses, 2, cuando ustedes fueron los culpables, ustedes y cooperadores necesarios en el Congreso y en el Senado, con sus representantes aquí como lo demostraremos más tarde, no se preocupe, ustedes cooperadores necesarios.

El plan "E" no les gusta, claro que no como les va a gustar si fue despilfarrar el dinero, tirarlo a la basura, es igual que quien mete en un váter, tira de la cadena y van 20.000 millones a la fosa séptica. Ustedes saben de sobra que los sacrificios que es-

tán haciendo ahora son exclusivamente para pagar los intereses, los intereses de la deuda y ¿quién tiene que pagar estos intereses? pues tiene que hacer lo que tiene que hacer el gobierno del Sr. Rajoy para tratar de solucionar los problemas que el Sr. Zapatero de acuerdo con ustedes ha metido a este país en un callejón sin salida.

Le quiero recordar a ustedes la responsabilidad tan grande que tienen, como políticos, con esta huelga, una responsabilidad muy grande, incurren ustedes en un momento, diría que harto peligroso y a mi me da la sensación que no le importa ni España ni los españoles y si unicamente llegar al poder, ustedes ayudar a llegar al poder porque en el poder nacional nunca van a estar, pero a ustedes para estar en el poder, porque sino nadie en Europa entiende esta huelga en España ahora mismo, nadie, solamente ustedes, porque además les gusta eso de llegar al poder como sea y ademas son especialistas en llegar al poder de esta manera.

Es una grave irresponsabilidad, una gravísima irresponsabilidad, tensar a la sociedad cuando la sociedad ya está tensada por los problemas económicos que tiene y que ustedes sigan tensando la cuerda, diría que es un tema bastante delicado y bastante peligroso lo que ustedes están haciendo proponiendo un apoyo para una huelga general de estas características que, repito, no va a servir para nada.

Ahora le voy a recordar al Sr. Mosquera y al Sr. Alcalde, aunque firma ahí el amigo González, el representante suyo en el Congreso de los Diputados, en los presupuestos, en la aprobación y discusión de los presupuestos, le voy a decir exactamente lo que dijo en el 2010, hace un año y medio, el Sr. Jorquera literalmente transcribo dice: "Sr. Presidente, estos presupuestos están mal orientados frente a la crisis, especialmente por el mayor esfuerzo fiscal que tendrán que hacer las rentas bajas y medias" y yo le pregunto, esto que dijo el Sr. Jorquera es correcto, verdad que si que es correcto, pero qué pasa a continuación, que siendo consciente de que todos esto no podía hacerse porque además sabía de sobra que era un presupuesto irreal e inflado, ¿sabe lo que hizo?, votó a favor de esos prespuestos en el año 2010.

Termino diciéndoles que por responsabilidad, por una responsabilidad muy importante que es el país, que es España, que somos los españoles, que voten en contra o que retiren ambas mociones.

Gracias, Sr. Alcalde.

O Sr. Alcalde-Presidente: Gracias, Sr. Guillán Pardavila.

Ten a palabra o Sr. Fernández.

O Sr. Fernández González: Mire, Sr. Guillán, o raro sería que non houbera unha folga, o raro sería que non a houbera; en todo caso, non é só en España, non é só que o contubernio este da esquerda masónica española montara unha folga, hai tamén unha folga en Portugal e en algún país máis e hai unha mobilización europea xeral, incluída Alemania, unha mobilización europea xeral dos traballadores incluída a súa querida Alemania de Ángela Merkel e o raro sería que non houbera unha folga.

Di vostedes, para que serviron os 20.000 millóns do plan "E" de Zapatero que se foron por non sei onde do desagúe e eu me pregunto, e os 20.000 millóns de Bankia?, para que serven, explíquelle aos traballadores para que serve iso.

Non sei se sabe vostede como se conseguiron os dereitos ao longo da historia, houbo moita xente como vostede ao longo da historia, pero moitísima xente que dicía "no, mejor no cambiamos nada, para que vamos a cambiar", pero ao longo da

historia houbo moita xente que pelexou moito, que se mobilizou moito para conseguir que vostede hoxe, por exemplo, tivera unha pensión ou que houbera una seguridade social universal pública e gratuíta ou que houbera unha educación pública e todos puideran estudar. Por ejemplo, ao longo da historia, se conseguiron coas mobilizacións, non se conseguiu dicindo aquilo de "é que este non é o momento", se conseguiu loitando, algúns, loitaron para todos, fíxese ben, incluído para vostede, algúns, e morreron por iso.

Pregunta vostede para que serven as folgas, eu lle vou a explicar por que hai que facer esta folga; mire, se me permite voulle dedicar uns minutiños para explicarllo. mire, se lle fan dúas folgas a este goberno en tan curto espazo de tempo, entre outras cousas, con respecto aos dereitos laborais dos traballadores, vou a empezar por aí, desaparecen as categorías laborais dos convenios, polo tanto a partir de agora todos valemos para todo; a empresa pode acordar a mobilizade xeográfica dos traballadores coa única escusa de mellorar a competitibidade, senón o aceptas despido, indemnización 20 días de salario por ano, máximo 12 mensualidades, "a la calle". A partir de agora as decisións do empresario de modificar as condicións de traballo son obxecto de preaviso con 15 días, senón aceptas despido, indemnización 20 días, máximo 9 mensualidades. A empresa, a partir de agora, pode distribuír de maneira irregular ao longo do ano o 10% da xornada de traballo, xa sabemos o que pasa senón se acepta, a empresa poderá descolgarse do convenio se en dous trimestres consecutivos o nivel de ingresos ordinarios ou vendas de cada trimestre é inferior ao rexistrado no mesmo trimestre do ano anterior, é dicir, non fai falta que a empresa teña perdas ou estea en perigo a súa viabilidade, pode descolgarse sen ter perdas.

A partir de agora a prioridade legal é os convenios de empresa, o cal sitúa aos traballadores das pequenas empresas nas mans dos empresarios, xa non quedan garantizados os convenios mediante o convenio do sector, nin o salario, nin as horas extras, nin as condicións de traballo a turnos, nin a planificación das vacacións, nin a clasificación profesional, nin as medidas para conciliar a vida familiar e laboral, xa nada queda garantizado. Se se denuncia un convenio e ao ano non se chega a un acordo o convenio perde a súa vixencia, se hai un convenio de ámbito superior se aplica, pero senón o hai se aplica o Estatuto dos traballadores, é dicir, a lei non garantiza que se siga percibindo o salario vixente ata ese momento, só queda garantizado o salario mínimo interprofesional. Se cae en situación de incapacidade temporal, é dicir, o que se coñece como una baixa por accidente común, poderá ser despedido se tes unha ausencia que alcance o 20% das xornadas hábiles en dous meses, é dicir, se faltas oito xornadas en dous meses podes ser despedido, olliño con poñerse enfermo. Se un despido disciplinario ou obxectivo é declarado improcedente se indemniza con 33 días, antes 45, máximo 24 mensualidades, antes 42.

As empresas a partir de agora poderán contratar a un traballador con un contrato indefinido por un período de un ano de proba, durante ese ano o traballador pode ser despedido en calquera momento sen explicación e sen indemnización algunha. Os contratos a tempo parcial agora poderán realizar horas extraordinarias, explíqueme como pode ser iso. Iso polo que respecta aos dereitos laborais, hai máis, chega bastante, non?.

En educación, que lle vou a contar eu de educación que non se lle conte o amigo Wert, amplíase un 20% o número de alumnos por aula, por exemplo, as baixas

médicos dos docentes que duren menos de 10 días non se cubrirán, elimínase a obrigatoriade de ofertar a lo menos dúas modalidades de bacharelato en cada centro; en educación universitaria se incrementan as taxas de matriculación entre un 66 e un 344%; en prestacións farmacéuticas, desas que a medida que vamos sendo maiores temos máis posibilidades de ter que utilizalas, pois os traballadores en activo que antes pagaban un 40% do prezo do medicamento, agora pagan o 50%, se ganan máis de 18 mil euros; e os pensionistas, que non pagaban antes nada, pagan agora un 10%, cun límite de 8 euros se ganas menos de 18 mil euros, e de 18 euros se ganas entre 18 e 100.000 euros, pero primeiro tes que pagalos e logo xa che os reintegrará a comunidade autónoma cando cadre; por exemplo, o transporte sanitario non urxente, aínda con prescrición facultativa, vostede suspira pero e que isto é o que lles afecta aos traballadores, Sr. Guillán, por iso sae a xente á calle, isto lles afecta todos os días aos traballadores, vostede suspire o que queira pero esta é a realidade, non viva vostede nunha burbulla, suspire pero esta é a realidade, colla aire, de momento é gratis coller aire, non sei o que durará o tempo de coller aire gratis; lle dicía que o transporte sanitario non urxente, aínda con prescrición facultativa, se pagará nos mesmas porcentaxes que as prescripcións farmacéuticas, elimínanse máis de 400 fármacos moi utilizados por enfermos crónicos que terán que ser pagados do seu bolsillo.

Mire, no recheo das lagoas que pode haber na cotización das persoas, que parece así unha cousa un pouco tonta, pero se unha persoa, nos últimos 15 anos cotizados ten 23 meses sen cotización, que unha cousa bastante posible dando a precariedade do mercado de traballo, 23 meses, perde máis do 20% da súa pensión, non sei se sabía isto, a vostede ao mellor xa non lle afecta pero a moita xente lle vai a afectar.

En canto á prestación contributiva por desemprego, o dereito a partir do día 181, é dicir a partir de que acabe o terceiro mes, a prestación pasa a ser do 50% en lugar do 60 que era e o traballador ten que abonar, ademais, o 100% da cota obreira que antes era o 65%; suprímese o subsidio de desemprego para maiores de 45 anos; suprímese o subsidio para maiores de 52 que se eleva aos 55 anos; calquera administración pública pode aplicar despidos colectivos de persoal laboral fixo, alegando simplemente insuficiencia presupostaria sobrevida e persistente, é dicir, o persoal laboral fixo das administracións públicas, a pesar de ter superado un proceso selectivo de acceso á súa condición poderá ser despedido de forma unilateral, por unha decisión política, poderá ser despedido; se anula tamén definitivamente a posibilidade de xubilación parcial dos funcionarios; aplázanse ata o 2015 as axudas aos dependentes moderados e eu xa llo anuncio, van a desaparecer; os coidadores non profesionais que chama a lei que son os familiares, cotizarán á seguridade social mediante convenio voluntario e aboarán eles mesmos as cotas correspondentes ao redor duns 165 euros; incrementouse o IVE de artigos de primeira necesidade o cal castiga ás rendas máis básicas; a renda básica de emancipación pasa de 210 a 145 euros; suprímense as axudas á subsidiación de préstamos do plan estatal de vivenda e rehabilitación e se liberaliza totalmente a tempada de rebaixas que prexudica gravemente a eses pequenos comerciantes que tanto lle preocupan ao Sr. Moreira; se incrementan as taxas xudiciais, unha auténtica barbaridade, foron capaces de poñer de acordo a todos os sectores do mundo xudicial, avogados, xuíces de todas as tendencias, fiscais, fixo un traballo marabilloso o Sr. Gallardon, algo que non pasara nunca pasou agora; suprimen miles de postos na sanidade público, pechan quirófanos, pechan centros de saúde, vexa Madrid; aproban unha amnistía fiscal, iso ata vostede o recoñece pero en

cambio non se modifica a lei para as SICAP, non se modifican as leis para as grandes fortunas, non se recupera o imposto de sucesións, non se incrementan os medios para as inspeccións de traballo e seguridade social, non se incrementan os medios para a inspección tributaria.

Isto é o que está pasando, isto é o que ven pasando nos últimos 12 meses, como non se vai a facer unha folga, como non se van a facer dúas folgas; dende o punto de vista racional, dende o punto de vista cidadán e imposible non entender que hai motivos máis que suficientes para dicirlle a este goberno que ten que cambiar e os sindicatos elixen a forma democrática para explicarlle iso á xente e para facer...; porque, ademais, pense unha cousa, esta non é unha folga convocada só polos sindicatos, hai 150 entidades de carácter social que apoian esta folga, 150 entidades de carácter social, claro todos somos el lumpen de la sociedade segundo vostede, debemos ser el lumpen de la sociedade que nos puxemos de acordo, somos malos e nos puxemos de acordo para facer esta folga, pero sobran as razóns pero hai máis, se quere llas dou, pero penso que sobran moitas razóns para facer esta folga como sobraron para facer a folga anterior.

Eu penso que hai que deixar ás veces de lado cuestións puramente ideolóxicas e ver o que pasa no mundo real, o que pasa cons desahucios; o que pasa coa xente que sae do paro que se queda sen prestacións; o que pasa coa xente que non pode pagar o libro de texto; o que pasa coa xente que ten pagar os seus medicamentos. Hai que saír un pouco da burbulla e hai que admitir tamén os erros e nós os admitimos, nós cometemos erros e pagamos por eles, é certo, cometemos erros e pagamos por eles, vostedes están cometendo moitísimos máis erros e cren que non van a pagar por eles, e van a pagar porque isto é imparable, este é un movemento non só en España, e que se está dando en toda Europa. Esas medidas que vostedes queren poñer en marcha ou que queren poñer en marcha, xa están funcionando en Portugal, xa están funcionando en Grecia, con que resultado?, está aí, só ten que cruzar a fronteira e miralo, ese é o resultado das medidas.

Polo tanto, creo que hai motivos máis que suficiente e eu ademais lle recomendaría unha certa reflexión antes de votar porque penso que todos estamos afectados por estas medidas e incluso vostedes están afectados por estas medidas e sería bo que todos mandásemos un mensaxe conxunto ao goberno de que así non se poden facer as cousas.

Moitas gracias.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias.

Sr. Mosquera, ten a palabra.

O Sr. Mosquera Lorenzo: Moi brevemente, polo menos iso intentaremos.

La intervención, Sr. Guillán, mandáronlle o marrón de defender isto da folga, a cuestión económica non a defende. Estivo sembrado, foi unha intervención larga, profusa e demais, na que ao final á parte de imprecisións bastante graves, tanto no orzamento do 2010, como no do 2011, o BNG non votou a favor en Madrid e outros anos tampouco, houbo anos que si e anos que non, como lle da por aí ou enganchar coa nai de todos os males que foi o plan "E", foron medidas de estímulo que, se vostede recorda, fora acordado no G20 por todos os países, 20+1 ou 21, fora acordado por todos e aplicáronse en todos os lados. Vostedes naquel momento

aliñáronse coa arquitectura, reacción europea de que esa non era vía, despois Estados Unidos seguiu por outra vía máis ou menos e Europa adoptou esas medidas con aplauso pero criticalo así de esa maneira non ten.., sobre todo sacándoo do seu contexto.

O que si estamos, e supoño que todo o mundo o entenderá, nunha situación de emerxencia social en Galicia de emerxencia nacional, ou sexa isto non hai quen o resista, é unha unha traxedia, intencionada, planificada, premeditada, sistemática e demais. Miren, léano como queiran, cada un ten á súa ideoloxía, eu voto man de un prócer da dereita europea, cando no 2008 soltou aquilo de que hai que refundar o capitalismo o que estamos vendo é a face máis descarnada do capitalismo onde manda o grande capital que non se para en nada. Pódeselle dicir criminal, asasino, o que se queira que iso se queda curto, vendo o que está pasando na sociedade se queda un curto, se queda curto, onde vai aquel capitalismo de rostro humano de despois da segunda guerra mundial, ou sexa é o máis descarnado.., saben as receitas económicas que se están aplicando nestes momentos en Europa, as de Pinochet, lea, a política económica de Pinochet, pero Pinochet podía facer "manu militari" porque senón non había quen a aplicara, tivo que rectificar porque a ruína foi brutal neses anos, tivo que rectificar despois, "manu militari" e iso parece que é o que nos ben aquí a dicir, os sindicatos son malos, volvamos ao sindicato vertical e apliquemos a receitas de Pinochet, de un capitalismo absolutamente salvaxe, que esta arruinando ás clases traballadoras, empresarios e demais e está, no caso concreto de Galicia, e que xa, á parte de arruinarnos, non nos deixan producir nada e o deserto produtivo e demográfico e demais é absolutamente brutal.

Evidentemente non o vamos a convencer, por nós se acabaría o debate, supoño que o Sr. Guillán nos quererá deleitar con media hora máis de cifras. A única conclusión será algunhas imprecisións, lecturas sesgadas e máis cousas que non veñen a conto pero que xa sei que vai delitar. O certo é que estamos nunha situación de emerxencia que vai a peor e cada medida que se adopta está agravando. Os que temos contacto coa sociedade se nos cae a alma aos pés de ver o que se está a facer, do que se está a facer con unha insensibilidade absoluta.

Mire, non lle vota a culpa nin ao goberno, non sei se deu conta, en toda a intervención, por que?, porque o goberno a única que culpa que ten é escribir ao ditado do que lle mandan, é a única culpa que ten, grave, evidentemente grave, este máis o anterior, dende maio do 2010, é lexislar ao ditado, en Grecia xa escriben as normas e o que hai que recortar, aquí aparentemente non lle escriben, escribe el pero escribe ao ditado que máis ou menos é o mesmo.

As consecuencias están aí, son unha auténtica traxedia e cremos que por esta via non se vai a ningún lado; polo tanto, toda manifestación de oposición para forzar que se cambie esta política vámola a apoiar.

Moitas gracias.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias, Sr. Mosquera.

Sr. Guillán, vai ser verdade iso que di o Sr. Mosquera?.

O Sr. Guillán Pardavila: Rapidísimo, Sr. Alcalde. O tema é moi importante.

Soamente dúas preguntas aos dous, para que serve esta folga?, para que vai a servir?, que efecto positivo ou que parte positiva vai a ter na economía?, é a

pregunta, non hai máis.

Dicirlle que senón están de acordo o que teñen que facer e promover unha folga importante contra Angela Merkel que é a que ten trincado o país por non soltar os cartos; fáganlle a folga a Angela Merkel, iso é o que teñen que facer, pero non a fagan dentro de España, non a fagan en España porque a ruína é maior, fágana en Alemaña, collan un autobus a Alemania, á folga, os que queiran ir, igual os acompañamos.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias, Sr. Pardavila. Non me sae o de Guillán. Sr. Pardavila soa mellor, un nome bonito Pardavila.

Rematado o debate, sométense a votación conxuntamente ás dúas mocións presentadas e o Pleno do Concello, por maioría, co voto favorable de 14 concelleiros (os 11 concelleiros do grupo municipal do BNG e os 3 concelleiros do grupo municipal do PS de G-PSOE) e o voto en contra de 11 concelleiros (os 11 concelleiros do grupo municipal do Partido Popular), acorda aprobar as mocións presentadas polos grupos municipais do BNG e do PS DE G-PSOE sobre a folga xeral do vindeiro 14.11.2012, anteriormente transcritas.

E non sendo outro o obxecto desta sesión ordinaria, polo Sr. Presidente remátase a sesión ás 12:57 horas, de todo o que eu, Secretario Xeral do Pleno, dou fe.

Visto e prace

O Alcalde, O Secretario Xeral do Pleno,

Miguel Anxo Fernández Lores. José Luis Mato Rodríguez.